

Xeografía. 2º Bacharelato

1. CONCRECIÓN CURRICULAR

Lenda obxectivos:

- a) Exercer a cidadanía democrática
- b) Consolidar unha madureza persoal e social.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades.
- e) Dominar a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse en linguas estranxeiras.
- g) Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, Participar no desenvolvemento do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais
- l) Comprender procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos.
- m) Afianzar o espírito emprendedor
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia

Lenda competencias:

matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
aprender a aprender (CAA)
social e cívica (CSC),
tratamento da información e competencia dixital (CD)
comunicación lingüística (CCL)
sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
conciencia e expresións culturais (CCEC)

1.1- *Secuencias de obxectivos, contidos e criterios de avaliación*

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación
------------	----------	-------------------------

Bloque 1. A xeografía e o estudo do espazo xeográfico		
D,e,g,i,l,	B1.1. Concepto de xeografía. Métodos e ferramentas propias da disciplina.	B1.1. Recoñecer a peculiaridade do coñecemento xeográfico utilizando as súas ferramentas de análise e os seus procedementos.
D,e,g,i,l,	B1.2. Características do espazo xeográfico. Concepto de paisaxe como resultado da interacción entre factores naturais e culturais. Desenvolvemento sustentable.	B1.2. Identificar o espazo xeográfico como tal nas súas diversas ocupacións, entendéndoo como centro de relacións humanas e sociais.
D,e,g,i,l,	B1.3. Representación gráfica do espazo xeográfico a distintas escalas.	B1.3. Distinguir e analizar os tipos de planos e mapas con diferentes escalas, identificándoos como ferramentas de representación do espazo xeográfico
D,e,g,i,l,	B1.4. Planos e mapas: compoñentes e análise. O mapa topográfico nacional a escala 1:50.000.	B1.4. Analizar e comentar o mapa topográfico nacional E: 1/50.000.
D,e,g,i,l,	B1.5. Técnicas cartográficas.	B1.5. Deseñar e comparar mapas sobre espazos xeográficos próximos utilizando os procedementos característicos.
D,e,g,i,l,	B1.6. Obtención e interpretación da información cartográfica. Imaxes de satélite.	B1.6. Procurar, seleccionar e elaborar información de contido xeográfico obtida de fontes diversas, e presentala de xeito adecuado.
Bloque 2. O relevo español: a súa diversidade xeomorfolóxica		
D,e,g,i,l,	B2.1. España e a súa singularidade xeográfica: unidade e diversidade.	B2.1. Distinguir as singularidades do espazo xeográfico español establecendo os aspectos que lle confiren unidade e os elementos que ocasionan diversidade.
D,e,g,i,l,	B2.2. Relevo español: diversidade xeomorfolóxica. Localización dos principais accidentes xeográficos.	B2.2. Describir os trazos do relevo español, situando e analizando as súas unidades de relevo.
D,e,g,i,l,	B2.3. Evolución xeolóxica do territorio español como conformadora das diferentes morfoestruturas.	B2.3. Definir o territorio español subliñando as diferenzas das unidades morfoestruturais.

D,e,g,i,l,	B2.4. Litoloxía peninsular e insular e formas de modelaxe.	B2.4. Diferenciar a litoloxía de España, incidindo nas súas características e na modelaxe.
D,e,g,i,l,	B2.5. Identificación das unidades do relevo español peninsular e insular, e os trazos de cada unha.	B2.5. Utilizar correctamente o vocabulario específico da xeomorfoloxía.
D,e,g,i,l,	B2.6. Corte topográfico: realización e análise.	B2.6. Procurar e seleccionar información do relevo obtido de fontes diversas (bibliográficas, cartográficas, internet ou traballos de campo), e presentala de xeito adecuado sinalando os condicionamentos que o relevo pode impor.
D,e,g,i,l,	B2.7. Concepto de solo. Os solos en España: variedade edáfica e as súas características.	B2.7. Identificar as características edáficas dos solos.
Bloque 3. A diversidade climática e a vexetación		
D,g,i,l,	B3.1. Clima e tempo atmosférico. Factores xeográficos, dinámica atmosférica e elementos do clima.	B3.1. Sinalar nun mapa de España os dominios climáticos.
D,e,g,i,l,	B3.2. Dominios climáticos españois: as súas características e representación en climogramas.	B3.2. Distinguir os climas en España e comentar as súas características, sinalando os factores e os elementos que os compoñen, para diferenciarlos.
D,e,g,i,l,	B3.3. Dominios climáticos españois: factores limitantes.	B3.3. Distinguir os climas en España e a súa representación en climogramas.
D,e,g,i,l,	B3.4. Variabilidade climática. Temperatura e precipitación.	B3.4. Comentar a información climatolóxica que se deduce utilizando mapas de temperaturas ou precipitacións de España.
D,e,g,i,l,	B3.5. Situacións sinópticas e tipos de tempo atmosférico en España.	B3.5. Analizar os tipos de tempo atmosférico en España utilizando os mapas de superficie e de altura.
D,e,g,i,l,	B3.6. Mapas do tempo, altura e superficie: análise e interpretación.	B3.6. Interpretar un mapa do tempo aplicando as características dos tipos de tempo peninsulares ou insulares.

D,e,g,i,l,p	B3.7. Escenarios de cambio climático en diferentes dominios do territorio peninsular e insular.	B3.7. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo á diversidade climática de España utilizando as fontes dispoñibles, tanto de internet como de medios de comunicación social, ou bibliografía.
D,g,i,l,	B3.8. Factores xeográficos e características da vexetación. Rexións bioxeográficas.	B3.8. Identificar as rexións vexetais.
D,e,g,i,l,	B3.9. Formacións vexetais españolas e a súa distribución. Análise de cliseries de vexetación.	B3.9. Diferenciar razoadamente as formacións vexetais españolas.
Bloque 4. A hidrografía		
D,e,g,i,l,	B4.1. Diversidade hídrica da península e das illas. Principais elementos hídricos nas paisaxes.	B4.1. Explicar a diversidade hídrica da Península Ibérica e nas illas, enumerando e localizando os tipos de elementos hídricos que se poden percibir coa observación da paisaxe.
D,e,g,i,l,	B4.2. Vertentes hidrográficas. Principais cuncas fluviais peninsulares.	B4.2. Describir as cuncas fluviais españolas situándoas nun mapa e enumerando as súas características.
D,g,i,l,	B4.3. Réximes fluviais predominantes.	B4.3. Identificar os réximes fluviais máis característicos.
D,e,g,i,l,	B4.4. Zonas húmidas en España.	B4.4. Enumerar as zonas húmidas de España, localizalas nun mapa e comentar as súas características.
D,e,g,i,l,	B4.5. Aproveitamento dos recursos hídricos: incidencia da seca e das chuvias torrenciais.	B4.5. Analizar o aproveitamento dos recursos hídricos en España, incluíndo as características de seca e das chuvias torrenciais do clima.
D,e,g,i,l,	B4.6. Augas subterráneas.	B4.6. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo á hidroloxía española, incidindo na explotación das augas subterráneas, utilizando distintas fontes de información.
Bloque 5. As paisaxes naturais e as relacións entre natureza e sociedade		

D,e,g,i,l,	B5.1. Paisaxes naturais españolas.	B5.1. Describir e reflectir nun mapa as paisaxes naturais españolas, identificando os seus trazos.
D,e,g,i,l,p	B5.2. Influencia do medio na actividade humana. Políticas favorecedoras do patrimonio natural.	B5.2. Relacionar o medio natural coa actividade humana, describindo casos de modificación do medio polo ser humano.
D,e,g,i,l,p	B5.3. Os medios humanizados e a súa interacción no espazo xeográfico. Paisaxes culturais.	B5.3. Describir os espazos humanizados e enumerar os seus elementos constitutivos.
D,e,g,i,l,p	B5.4. Aproveitamento sustentable do medio físico.	B5.4. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo ás paisaxes naturais e as relacións entre natureza e sociedade, utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet como en bibliografía ou medios de comunicación social.
D,e,g,i,l,	B5.5. Variedades de paisaxes naturais.	B5.5. Comparar imaxes das variedades de paisaxes naturais.
Bloque 7. O espazo rural e as actividades do sector primario		
D,e,g,i,l,	B7.1. Peso das actividades agropecuarias, forestais e pesqueiras no PIB. Poboación activa.	B7.1. Describir as actividades agropecuarias e forestais, especificando as características de España.
D,e,g,i,l,p	B7.2. Aspectos naturais e históricos que explican os factores agrarios.	B7.2. Distinguir as paisaxes agrarias, a súa morfoloxía e as súas estruturas, establecendo as súas características.
D,e,g,i,l,	B7.3. Elementos que conforman as paisaxes agrarias. Paisaxes agrarias de España: características.	B7.3. Analizar adecuadamente unha paisaxe rural distinguindo o terreo de labor, os bosques e o hábitat.
D,e,g,i,l,p	B7.4. Estrutura da propiedade e tenencia da terra.	B7.4. Comprender a evolución da estrutura da propiedade e identificar formas de tenza da terra.
D,e,g,i,l,p	B7.5. Explotacións agrarias: características. Tipos de agricultura: coexistencia de	B7.5. Explicar o sector agrario español tendo en conta as súas

	formas avanzadas e tradicionais. Transformacións agroindustriais.	estruturas da propiedade e as características das súas explotacións.
D,e,g,i,l,p	B7.6. Políticas de reforma agraria. Situación española do sector no contexto da Unión Europea. Política Agraria Común (PAC).	B7.6. Explicar a situación do sector agrario español tendo en conta o contexto europeo e as políticas da Unión Europea.
D,e,g,i,l,p	B7.7. Actividade pesqueira: localización, características e problemas. Análise dos aspectos físicos e humanos que conforman o espazo pesqueiro. Caso galego.	B7.7. Analizar a actividade pesqueira, e definir as súas características e os seus problemas.
D,e,g,i,l,p	B7.8. Silvicultura: características e desenvolvemento no territorio.	B7.8. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo ao espazo rural, silvícola ou pesqueiro, utilizando fontes dispoñibles en internet, en medios de comunicación social ou na bibliografía.
Bloque 8. As fontes de enerxía e o espazo industrial		
D,e,g,i,l	B8.1. Proceso de industrialización español: características e breve evolución histórica.	B8.1. Analizar o proceso de industrialización español establecendo as características históricas que conducen á situación actual.
D,e,g,i,l	B8.2. Localización das fontes de enerxía en España.	B8.2. Relacionar as fontes de enerxía e a industrialización, e describir as súas consecuencias en España.
D,e,g,i,l	B8.3. Achea ao PIB da industria. Poboación activa. Deficiencias e problemas do sector industrial español.	B8.3. Coñecer os factores da industria en España.
D,e,g,i,l	B8.4. Elementos das paisaxes industriais. Tipoloxías de paisaxes.	B8.4. Identificar e comentar os elementos dunha paisaxe industrial dada.
D,e,g,i,l	B8.5. Rexións industriais e eixes de desenvolvemento de España: importancia das políticas territoriais no sector. Planificación e perspectivas de futuro.	B8.5. Describir os eixes de desenvolvemento industrial sobre un mapa, establecendo as súas características e as posibilidades de rexeneración e cambio no futuro.
D,e,g,i,l	B8.6. Influencia da política da Unión Europea na configuración da industria española.	B8.6. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo ao espazo industrial español e a influencia nel da política industrial europea, utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet,

		como na bibliografía ou nos medios de comunicación.
Bloque 9. O sector servizos		
D,e,g,i,l	B9.1. Terciarización da economía española: influencia no PIB. Poboación activa do sector terciario.	B9.1. Analizar a terciarización da economía española establecendo as súas características e a influencia no produto interior bruto, e utilizar correctamente a terminoloxía do sector servizos.
D,e,g,i,l	B9.2. Análise dos servizos e distribución no territorio.	B9.2. Identificar a presenza dos servizos no territorio, analizando a súa distribución e o impacto no medio.
D,e,g,i,	B9.3. Explicar o sistema de transporte en España, distinguindo a articulación territorial que configura.	B9.4. Desenvolvemento comercial: características, evolución e distribución territorial.
D,e,g,i,l	B9.3. Sistema de transportes en España. Impacto das infraestruturas sobre o espazo xeográfico.	B9.4. Describir o desenvolvemento comercial e a ocupación territorial que impón, e establecer as súas características.
D,e,g,i,l	B9.5. Espazos turísticos: características e evolución.	B9.5. Localizar nun mapa os espazos turísticos, e enumerar as súas características e as desigualdades rexionais.
D,e,g,i,l	B9.6. Outras actividades terciarias: sanidade, educación, finanzas e servizos públicos.	B9.6. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo á actividade ou ao espazo do sector servizos español, utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet como na bibliografía ou nos medios de comunicación social.
Bloque 10. O espazo urbano		
D,e,g,i,l	B10.1. Concepto de cidade e a súa influencia na ordenación do territorio.	B10.1. Definir a cidade.
D,e,g,i,l,p	B10.2. Morfoloxía e estrutura urbanas. Análise socioeconómica e política a través do plano da cidade.	B10.2. Analizar e comentar planos de cidades, distinguindo os seus trazados.
D,e,g,i,l	B10.3. Planificacións urbanas. Instrumentos do planeamento.	B10.3. Identificar o proceso de urbanización e enumerar as súas

		características e as planificacións internas.
D,e,g,i,l,p	B10.4. Características do proceso de urbanización. Áreas de influencia.	B10.4. Analizar a morfoloxía e a estrutura urbana, e extraer conclusións da pegada da historia e a súa expansión espacial, reflexo da evolución económica e política da cidade.
D,e,g,i,l	B10.5. Características da paisaxe urbana.	B10.5. Analizar e comentar unha paisaxe urbana.
D,e,g,i,l,p	B10.6. Usos do solo urbano. Ordenación territorial.	B10.6. Identificar o papel das cidades na ordenación do territorio.
D,e,g,i,l,p	B10.7. Sistema urbano español: desenvolvemento sustentable. Cidades saudables. O territorio como recurso.	B10.7. Obter, seleccionar e analizar información de contido xeográfico relativo ao espazo urbano español, utilizando fontes en que estea dispoñible, en internet, nos medios de comunicación social ou na bibliografía.
D,e,g,i,l,p	B11.1. Organización territorial de España.	B11.1. Describir a organización territorial española analizando a estrutura local, autonómica e estatal.
D,e,g,i,l	B11.2. Influencia da historia e da Constitución de 1978 no deseño territorial.	B11.2. Explicar a organización territorial española e establecer a influencia da historia e da Constitución de 1978, mediante o emprego de mapas históricos e actuais.
D,e,g,i,l	B11.3. Desequilibrios e contrastes territoriais.	B11.3. Analizar a organización territorial española e describir os desequilibrios e os contrastes territoriais, así como os mecanismos correctores.
D,e,g,i,l,p	B11.5. A cuestión territorial na España das autonomías.	B11.5. Obter, seleccionar e analizar información de contido xeográfico relativo ás formas de organización territorial en España, utilizando fontes en que estea dispoñible en internet, nos medios de comunicación social ou na bibliografía.
Bloque 12. España en Europa e no mundo		
D,e,g,i,l	B12.4. España no mundo. Globalización e diversidade no mundo.	B12.4. Definir a globalización e explicar os seus trazos.

D,e,g,i,l	B12.2. España en Europa. Estructura territorial. Contrastes físicos e socioeconómicos de Europa.	B12.2. Describir o continente europeo distinguindo a súa estrutura territorial e os contrastes físicos e socioeconómicos.
D,e,g,i,l	B12.3. Posición de España na Unión Europea. Políticas rexionais e de cohesión territorial.	B12.3. Identificar a posición de España na Unión Europea, enumerando as políticas rexionais e de cohesión territorial que se practican en Europa e que afectan a España.
Bloque 13. O vocabulario xeográfico.		
E,n,	B 13.1. Vocabulario artístico.	B13.1. Utilizar a terminoloxía específica da xeografía nas postas en común e nos exercicios escritos, así como nas exposicións orais.

1.2-Secuencias: estándares, instrumentos de avaliación, competencias clave por unidade didáctica. (en negraña mínimos esixibles para unha avaliación positiva)

Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación	Periodización	Competencias clave
Bloque 1. A xeografía e o estudo do espazo xeográfico			
XHB1.1.1. Describe a finalidade do estudo da xeografía, e as principais ferramentas de análise e os seus procedementos.	-Intercambio oral de puntos de vista, e valoración das preguntas que podan xurdir por parte do alumnado.	1 sesión	CMCCT CAA CCL CD
XHB1.2.1. Identifica as paisaxes xeográficas.	-Clasificación e comentario de imaxes.	2 sesións	CMCCT CAA CCL

XHB1.2.2. Enumera e describe as características das paisaxes xeográficas.			CMCCT CAA
XHB1.3.1. Utiliza adecuadamente as ferramentas características da ciencia xeográfica.	-Exercicios sobre plano con escalas.	1 sesión	CMCCT CAA CD
XHB1.4.1. Extrae información do mapa topográfico mediante os procedementos de traballo do xeógrafo.	-Análise de mapas topográficos e imaxes de satélite extraendo a maior cantidade de información posible.	2 sesións	CMCCT CAA CCL CD
XHB1.4.2. Extrae a información de mapas e planos de diferentes escalas.			
XHB1.5.1. Identifica nunha paisaxe as diferenzas entre paisaxe natural e cultural.			
XHB1.6.1. Analiza e extrae conclusións da observación dun plano e dun mapa, comentando as características do espazo xeográfico.			
*Catro sesións de explicacións do profesorado desenvolvidas de xeito intercalado ás actividades prácticas.			
Bloque 2. O relevo español: a súa diversidade xeomorfolóxica			
XHB2.1.1. Debuxa e sinala sobre un mapa físico de España as unidades do relevo español, comentando as súas características.	-Exercicios de localización con mapa. -Exercicios de descrición física do relevo seguindo un trazado. -Comentario de imaxes	2 sesións	CMCCT CAA CCL CD
XHB2.2.1. Identifica e representa nun mapa os elementos do relevo que son similares e diferentes do territorio peninsular e insular.			
XHB2.3.1. Enumera e describe os principais trazos do relevo de España.			
XHB2.4.1. Clasifica as unidades do relevo español segundo as súas características xeomorfolóxicas.			
XHB2.5.1. Describe sumariamente nun mapa a evolución xeolóxica e a conformación do territorio español.	-Análise e descrición de mapas xeolóxicos.	1 sesión	CMCCT CAA CCL

			CD
XHB2.6.1. Realiza un corte topográfico e explica o relevo que reflicte.	-Análise e descrición de mapas topográficos.	1 sesión	CMCCT CAA CCL CD
XHB2.7.1. Enumera e describe os elementos constitutivos dos tipos de solo de España.	-Elaboración dunha táboa.	½ sesión	CMCCT CAA CCL
XHB2.7.2. Localiza nun mapa de España os tipos de solos peninsulares e insulares.	-Análise e descrición de mapa de solo.	1 sesión	CMCCT CAA CCL CD
Bloque 3. A diversidade climática e a vexetación			
XHB3.1.1. Localiza os climas nun mapa de España.	-Clasificar e describir cada un dos climas cos que nos encontremos a través dunha ruta de viaxe que atrevese a Península Ibérica.	1 sesión	CMCCT CAA CCL CD
XHB3.2.1. Describe e compara os climas en España, enumerando os factores e os elementos característicos.			
XHB3.3.1. Representa e comenta climogramas específicos de cada clima.	-Ejercicios de clasificación e análise de climogramas.		CMCCT CAA CCL CD
XHB3.4.1. Comenta as características dos climas españois a partir dos seus climogramas representativos.			
XHB3.5.1. Enumera os trazos dos tipos de tempo atmosférico reflectidos nas estacións climatolóxicas.	-Elaboración dun breve informe sobre diferentes estacións climatolóxicas.	½ sesión	CMCCT CAA CCL CD
XB33.6.1. Comenta un mapa do tempo de España distinguindo os elementos	-Análise de varios mapas de tempo de diferentes	2 sesións	CMCCT

que explican o tipo de tempo característico da estación do ano correspondente.	estacións.		CAA CCL CD
XHB3.7.1. Analiza como afecta a España o cambio climático.	-Visualización dun documental e posteriores posta en común de conclusións.	2 sesións	CMCCT CAA CCL CD
XHB3.7.2. Extrae conclusións ambientais, utilizando gráficas e estatísticas que reflicten as chuvias torrenciais.			
XHB3.8.1. Identifica nun mapa os dominios vexetais, e describe e comenta as súas características.	-Análise e comentario de mapa.	1 sesión	CMCCT CAA CCL CD
XHB3.9.1. Ante unha paisaxe natural, identifica as formacións vexetais que aparezan.	-Clasificación e análise de imaxes fotográficas.	1 sesión	CMCCT CA CD
XHB3.9.2. Analiza razoadamente unha cliserie.	-Análise e comparación de dúas cliseries.	1 sesión	CMCCT CAA CCL CD
Bloque 4. A hidrografía			
XHB4.1.1. Explica a diversidade hídrica en España.	-Localiza nun mapa as cuncas fluviais e matiza as características de cada unha delas nun cadro axunto.	1 sesión	CMCCT CAA CCL CD
XHB4.2.1. Localiza nun mapa de España as principais cuncas fluviais.			
XHB4.3.1. Relaciona os réximes hídricos dos cursos fluviais coas posibilidades de aproveitamento hídrico en España.	-Recolle noticias de prensa sobre o tema e fai unha lista de cómo mínimo cinco conclusións argumentadas.	1 sesión	CMCCT CAA

XHB4.4.1. Localiza nun mapa as zonas húmidas españolas, e debate un aspecto de actualidade sobre este tema.			CMCCT CAA CCL CD
XHB4.5.1. Sitúa nun mapa da rede hidrográfica española os grandes encoros, e deduce consecuencias, analizando tamén as características climáticas.	-Elaborar un mapa con información sobre rede hidrográfica e encoros.	1 sesión	CMCCT CAA CCL CD
XHB4.5.2. Analiza e comenta gráficas e estatísticas que reflicten as épocas de seca en relación cun mapa de tipos de réximes fluviais dos ríos da Península Ibérica, e saca conclusións.	-Elaboración dun estudo en grupo sobre a situación das Táboas de Daimiel nos últimos 40 anos.	2 sesións	CMCCT CAA CCL CD
XHB4.6.1. Selecciona imaxes e novas xornalísticas que reflictan a desigualdade hídrica española e a súa interacción coas actividades humanas.	-Exposición das conclusións.		
XHB5.1.1. Distingue as características dos grandes conxuntos paisaxísticos españois.	-Elaborar un mapa con pestanas nas que se recollan as características dos grandes conxuntos paisaxísticos.	1 sesión	CMCCT CAA CCL CD CSC
XHB5.1.2. Localiza no mapa as paisaxes naturais españolas e identifica as súas características.			
XHB5.2.1. Identifica e formula os problemas suscitados pola interacción entre persoa e natureza sobre as paisaxes.	-Elaboración dun esquema.	1 sesión	CMCCT CAA CCL CSC
XHB5.2.2. Analiza algún elemento lexislador correctivo da acción humana sobre a natureza.	-Comentario de texto oralmente	½ sesión	CMCCT CAA CCL CSC

XHB5.3.1. Diferenza as paisaxes humanizadas das naturais.	-Clasificar varios tipos de imaxes cunha xustificación argumentada.	1/2sesión	CMCCT CAA CCL
XHB5.4.1. Selecciona e analiza novas xornalísticas ou imaxes nas que se perciba a influencia do medio na actividade humana.	-Elaboración dun informe e presentación (en grupos de tres) sobre o medio físico e as interrelacións entre o ser humano e o medio.	3 sesións	CMCCT CAA CCL CD
XHB5.4.2. Selecciona e analiza a partir de distintas fontes de información novas xornalísticas ou imaxes nas que se perciba a influencia das persoas sobre o medio.			
XHB5.4.3. Obtén e analiza a información que apareza nos medios de comunicación social referida á destrución do medio natural por parte do ser humano.			
XHB5.5.1. Diferenza as paisaxes naturais españolas a partir de fontes gráficas e comenta imaxes representativas de cada unha das variedades de paisaxes naturais localizadas en medios de comunicación social, internet ou outras fontes bibliográficas.	Análise dunha imaxe seguindo os criterios da CIUG	1 sesión	CMCCT CAA CCL CD
Bloque 7. O espazo rural e as actividades do sector primario			
XHB7.1.1. Identifica as actividades agropecuarias e forestais.	-Partindo dunha serie de datos proporcionados pola profesora establecer unha posta en común sobre a importancia do sector primario no PIB. Recollida de datos de participación no caderno da profesora.	1 sesión	CMCCT CAA CCL CD
XHB7.1.2. Diferenza as actividades do sector primario doutras actividades económicas.			
XHB7.2.1. Sitúa nun mapa a distribución dos principais aproveitamentos agrarios.	-Localización sobre un mapa.	½ sesión	CMCCT CAA CCL CD
XHB7.2.2. Achega os aspectos do pasado histórico que incidiron nas estruturas agrarias españolas.	-Desenvolver nunha redacción de aprox. 200 palabras a evolución da estrutura da propiedade en	1 sesión	CAA CCL

	España.		
XHB7.3.1. Selecciona e comenta imaxes que poñen de manifesto as características das paisaxes agrarias españolas.	. Localización e comentario de paisaxes agrarias españolas.	1 sesión	CMCCT CAA CCL CD
XHB7.4.1. Define historicamente, de forma sumaria, a estrutura da propiedade	-Desenvolver nunha redacción de aprox. 200 palabras a evolución da estrutura da propiedade en España.(forma parte do instrumento de B.7.2.2.)	1 sesión	CMCCT CAA CCL CD
XHB7.5.1. Identifica e analiza as características das paisaxes agrarias españolas.	-Facer un esquema.	1 sesión	CMCCT CAA CCL CD
XHB7.6.1. Achega datos ou gráficos de aspectos estruturais que expliquen o dinamismo dun sector agrario dado.	-Comentario dun artigo e unha gráfica sobre a PAC e as súas consecuencias para España ou Galicia.	1 sesión	CMCCT CAA CCL CD
XHB7.6.2. Comenta textos xornalísticos que expliquen a situación española na PAC.			
XHB7.7.1. Establece as características e as peculiaridades da actividade pesqueira española e galega.	-Localizar espazos pesqueiros: rexións e caladoiros.	1 sesións	CMCCT CAA CCL CD
XHB7.8.1. Confecciona gráficos comparativos do peso específico no PIB das actividades agrarias, gandeiras, forestal e pesqueiras españolas fronte a outros sectores de actividade.	-Elaborar un breve informe sobre a evolución do sector forestal nos últimos corenta anos.	1 sesión	CMCCT CAA CCL CD
Bloque 8. As fontes de enerxía e o espazo industrial			

XHB8.1.1. Establece un eixe cronolóxico para explicar a evolución histórica da industrialización española.	-Poñer en relación cos coñecementos da Hª de España unha serie de imaxes organizadas nun eixo cronolóxico.	1 sesión	CCL CAA CMCCT CD
XHB8.1.2. Selecciona e analiza imaxes que amosen a evolución histórica da industria española nunha zona concreta ou dun sector concreto.			
XHB8.2.1. Relaciona o nacemento da industria e a localización de fontes de enerxía e materias primas en España.	-Comentario conxunto de dous mapas vinculados.	½ sesión	CMCCT CAA CCL CDC
XHB8.3.1. Enumera as características da industria española e as súas diferenzas rexionais.	-Partindo dunha serie de datos proporcionados pola profesora establecer unha posta en común sobre a importancia do sector secundario no PIB. Recollida de datos de participación no caderno da profesora.	1 sesión	CMCCT CAA CCL CD
XHB8.3.2. Confecciona e analiza gráficas e estatísticas que expliquen as producións industriais.			
XHB8.4.1. Analiza e comenta paisaxes de espazos industriais.	-Análise de imaxes de paisaxes industriais.	1 sesión	CMCCT CAA CCL CD
XHB8.5.1. Sinala nun mapa os asentamentos industriais máis importantes, distinguindo entre os sectores industriais.	-Análise dun mapa de asentamentos industriais.	½ sesión	CCL CD CAA
XHB8.5.2. Localiza e describe as rexións industriais e os eixes de desenvolvemento industrial.			
XHB8.6.1. Describe as políticas industriais da Unión Europea e a súa influencia nas españolas.	-Descrición nun resumo de aprox. 300 palabras das políticas industriais da Unión Europea.	1 sesión	CMCCT CAA CCL CD
Bloque 9. O sector servizos			

XHB9.1.1. Identifica as características do sector terciario español.	-Partindo dunha serie de datos proporcionados pola profesora establecer unha posta en común sobre a importancia do sector terciario no PIB. Recollida de datos de participación no caderno da profesora.	1 sesión	CMCCT CAA CCL CD
XHB9.2.1. Explica a incidencia do sector servizos para a economía española.	-Recollida dun resumo escrito sobre as conclusións da posta en común previa.	½ sesión	CMCCT CAA CCL CD
XHB9.3.1. Describe como se articulan os medios de comunicación máis importantes de España (ferrocarrís, estradas, portos e aeroportos).	-Comentario, análise e redacción de conclusións sobre diferentes mapas de redes de transporte.	1 sesión	CMCCT CAA CCL CD
XHB9.3.2. Comenta sobre un mapa de transportes a transcendencia que este sector ten para articular o territorio.			
XHB9.3.3. Describe e analiza mapas que reflectan un sistema de transporte determinado.			
XHB9.3.4. Distingue nun mapa os principais nodos de transporte español.			
XHB9.3.5. Resolve problemas formulados nun caso específico sobre vías de comunicación no noso país.			
XHB9.4.1. Comenta gráficas e estatísticas que expliquen o desenvolvemento comercial.	-Análise de gráficas de actividades comerciais.	1 sesión	CMCCT CAA CCL CD
XHB9.5.1. Analiza e explica as desigualdades do espazo turístico.	-Análise de imaxes de paisaxe turística de diferentes áreas de España.	1 sesión	CMCCT CAA

XHB9.5.2. Identificar e comentar unha paisaxe transformado por unha importante zona turística.			CCL CD
XHB9.6.1. Comenta gráficas e estatísticas que expliquen o desenvolvemento turístico español.	-Análise de gráficas sobre movementos turísticos.	1 sesión	CMCCT CAA CCL CD
XHB9.6.2. Explica como articulan o territorio outras actividades terciarias.	-Análise de gráficas e imaxes sobre turismo, comercio, transportes e servizos públicos.	1 sesión	CMCCT CAA CCL CD
XHB9.6.3. Analiza e comenta imaxes do espazo destinado a transportes, comercial ou outras actividades do sector servizos.			
*A profesora investirá arredor de 10 sesións de explicacións teóricas durante este trimestre.			
Bloque 10. O espazo urbano			
XHB10.1.1. Define cidade e achega exemplos.	-Despois de ler tres textos descritivos de diferentes cidades (unha capital asiática ou africana, unha cidade europea e unha cidade americana). Facer unha posta en común sobre o concepto de cidade. A profesora recolle no seu caderno unha valoración sobre a participación e argumentacións de cada alumno/a.	2 sesións	CMCCT CAA CCL
XHB10.2.1. Analiza e explica o plano da cidade máis próxima ao lugar de residencia, ou a máis significativa.	-Análise en grupo do plano de A Coruña.	2 sesións	CMCCT CAA CCL CD
XHB10.3.1. Identifica as características do proceso de urbanización.	-Comparar planos urbanos con procesos de planificación diferentes.	1 sesión	CMCCT CAA CCL
XHB10.3.2. Explica e propón exemplos de procesos de planificación urbana.			

XHB10.4.1. Explica a morfoloxía urbana e sinala as partes dunha cidade sobre un plano desta.	-Analizamos nun plano e un mapa da área urbana de A Coruña.	1 sesión	CCL CD CAA
XHB10.5.1. Comenta unha paisaxe urbana a partir dunha fonte gráfica.	-Analizar unha imaxe dunha paisaxe urbana.	1 sesión	CMCCT CAA CCL CD
XHB10.6.1. Explica a xerarquización urbana española.	-Clasificar nunha táboa redes de xerarquización e poñer exemplos.	1 sesión	CMCCT CAA CCL
XHB10.7.1. Selecciona e analiza novas xornalísticas que amosen a configuración e a problemática do sistema urbano español.	-Despois de ler diferentes textos e documentos aportados pola profesora, facer unha posta en común sobre territorio e sustentabilidade. A profesora recolle no seu caderno unha valoración sobre a participación e argumentacións de cada alumno/a.	1 sesión	CMCCT CAA CCL CD
Bloque 11. Formas de organización territorial			
XHB11.1.1. Localiza e explica nun mapa a organización territorial española, partindo do concello e da comunidade autónoma.	-Inclusión no vocabulario da Aula Virtual dos conceptos: parroquia, municipio, comarca, provincia, comunidade autónoma e estado.	1 sesión	CMCCT CAA CCL CD
XHB11.2.1. Explica a ordenación territorial española a partir de mapas históricos e actuais.	-Comparar e explicar a ordenación de España a través de dous mapas diferentes (1ª met. XX-século XXI)	1 sesión	CMCCT CAA CCL CD
XHB11.2.2. Compara a ordenación territorial actual e a da primeira metade do século XX.			

XHB11.2.3. Distingue e enumera as comunidades autónomas, as principais cidades en cada unha e os países fronteirizos de España.	-Sinalar nun mapa comunidades autónomas, capitais de cada unha delas, cidades autónomas e provincias.	½ sesión	CMCCT CAA CCL CD
XHB11.3.1. Enumera os desequilibrios e os contrastes territoriais existentes na organización territorial española.	-Facer un exercicio escrito sobre o tema de aprox. 200 palabras.	1 sesión	CMCCT CAA CCL
XHB11.5.1. Distingue os símbolos que diferencian as comunidades autónomas.	-Realización dun exercicio de preguntas de resposta curta.	½ sesión	CMCCT CAA CCL
Bloque 12. España en Europa e no mundo			
XHB12.4.1. Identifica e describe os trazos da globalización con exemplificacións que afecten a España.	-Elaboración dun traballo por parellas que recolla os seguintes aspectos: áreas xeoeconómicas, localización de España nesas áreas, trazos da globalización que afectan a España e repercusións.(Debe incluír, imaxes, mapas e gráficos)	2 sesións	CMCCT CAA CCL CSC CD
XHB12.4.2. Localiza nun mapa as grandes áreas xeoeconómicas e sinala aquelas coas que España ten máis relación.			
XHB12.4.3. Localiza a situación española entre as grandes áreas xeoeconómicas mundiais.			
XHB12.4.4. Explica as repercusións da inclusión de España en espazos xeopolíticos e socioeconómicos continentais e mundiais a partir de distintas fontes de información xeográfica.			
XHB12.2.1. Explica a posición de España na Unión Europea.	-Redacción dun exercicio de aprox. 400 palabras sobre <i>España no contexto da Unión Europea</i> .	1 sesión	CMCCT CAA CCL
XHB12.3.1. Extrae conclusións das medidas que a Unión Europea toma en política rexional e de cohesión territorial que afectan a España.	-Traballo en grupo: elaboración dun informe ilustrado con noticias e imaxes sobre políticas	4 sesións	CMCCT CAA

		territoriais e de cohesión que afecten a España.	CCL CD
Bloque 13. O vocabulario xeográfico.			
HAB 13.1.1 Utiliza con corrección a terminoloxía específica da xeografía.	-Elaboración dun dicionario de termos xeográficos na Aula Virtual.	Ao longo de todo o curso. Introdución de catro conceptos mínimo por alumno/a e avaliación	CCEC CCL CAA CD
*A profesora investirá arredor de 10 sesións de explicacións teóricas durante este trimestre.			

2. METODOLOXÍA

- Pretendemos unha combinación proporcionada de tempo de explicacións e prácticas, isto contribuirá a unha mellora do aprendizaxe e afianzará os acontecementos teóricos que pretendemos reducir ao esencial. Das catro sesións semanais unha deberá ser de explicación teórica e as outras tres de resolución de todo tipo de exercicios e actividades, traballos individuais e grupais que quedan recollidos na concreción curricular.
- Recoméndase traballar de maneira continuada, revisando o manual proposto, os apuntamentos tomados en clase e as presentacións realizando actividades semanais de aplicación práctica. Aconsellarase a utilización de algunhas páxinas web con contidos xeográficos, útiles para obter material gráfico e para servir de fonte de consulta.
- Fomentaremos todo o posible o uso da aula virtual colgando materiais de apoio para o alumnado.
- Elaboraremos entre todos un glosario de termos xeográficos que quedará recollido na Aula Virtual.

3. CRITERIOS DE AVALIACION

3.1. CRITERIOS CUALIFICACION

Establecerase a partir de:

- Todos e cada un dos **traballos realizados polo alumnado** recollidos na concreción curricular.
- A **participación** e a **actitude** teranse en conta para decidir a cualificación final.
- As **faltas de asistencia** a clase e os **retrasos inxustificadas** considéranse falta de interese.
- Os aspectos sinalados nos tres puntos anteriores suporán o **30% da cualificación**.
- En cada trimestre realizaranse como mínimo dúas **probos escritas** que suporán o **70% da cualificación**.

Consideracións xerais:

- En cada exame poderán incluírse cuestións relativas á materia impartida ata ese momento.
- Os modelos de exames terán como referencia os establecidos pola comisión de selectividade, pero **os profesores introducirán neles as modificacións que consideren oportunas**.
- A final de curso os alumnos poderán **recuperar** as avaliacións suspensas mediante un **exame final** da materia organizado por avaliacións.
- A cualificación final de **xuño** obterase a través de unha media entre as cualificacións das distintas avaliacións, sempre e cando todas elas estean aprobadas (alcanzando un 5 como mínimo). A cualificación final do curso non se corresponderá necesariamente coa media aritmética das cualificacións parciais, senón que o profesor valorará a evolución do alumno o longo do curso.
 - ✓ **Probos teórico prácticos 70%**
 - ✓ **Traballo diario e actitude en clase: 30%**
- Tanto nas probos teóricas como no traballo diario terá a maior consideración a **corrección ortográfica e sintáctica**, así como a utilización do **vocabulario** específico da materia.
- En caso de non ter aprobado a materia na avaliación de xuño, os alumnos terán un exame en **setembro** sobre o **contido completo do programa**.

Cando un alumno non se presente a unha proba , deberá xustificar **oficialmente** as causas da súa ausencia , sendo a súa nai, pai ou titor as persoas que teñen que facer constar a causa xustificada, de non ser así deberá presentarse a proba de recuperación ou a o exame final segundo o caso, xa que non terá dereito a repetición de dito exame.

3. 2. MINIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

2º de Bacharelato.

Nas materias de 2º de Bacharelato (Historia de España, Xeografía e Historia da Arte), os contidos mínimos sos os fixados pola CIUG <http://ciug.cesqa.es/index.html>.

A falta dunha información máis precisa de cales serán estes, estimamos oportuno establecer os que seguen nesta programación:

- Identificar o espazo xeográfico como tal nas súas diversas ocupacións, entendéndoo como centro de relacións humanas e sociais.
- Procurar, seleccionar e elaborar información de contido xeográfico obtida de fontes diversas, e presentala de xeito adecuado: bibliográficas, cartográficas, internet ou traballos de campo.
- Analizar os tipos de planos e mapas con diferentes escalas, analizar e comentar o mapa topográfico nacional E: 1/50.000.
- Describir os trazos do relevo español, situando e analizando as súas unidades de relevo.
- Definir o territorio español subliñando as diferenzas das unidades morfoestruturais e a litoloxía.
- Utilizar correctamente o vocabulario específico da xeomorfoloxía.
- Sinalar nun mapa de España os dominios climáticos e paisaxísticos, coñecer as súas características.
- Analizar climogramas, mapas de temperaturas e precipitacións e mapas de tempo.
- Describir as cuncas fluviais españolas situándoas nun mapa e enumerando as súas características.
- Analizar o aproveitamento dos recursos hídricos en España.
- Relacionar o medio natural coa actividade humana, describindo casos de modificación do medio polo ser humano.
- Describir os espazos humanizados e enumerar os seus elementos constitutivos.

- Identificar as fontes para o estudo da poboación establecendo os procedementos que permiten estudar casos concretos.
- Comentar gráficos e taxas que amosen a evolución da poboación española.
- Coñecer as características da poboación española identificando movementos naturais, distribución, densidade, migración ...
- Analizar as pirámides de poboación das comunidades autónomas, incidindo no caso galego, e comentar as súas peculiaridades.
- Analizar e comentar planos de cidades, distinguindo os seus trazados e unha paisaxe urbana.
- Describir a rede urbana española e comentar as súas características e explicar a organización territorial española e establecer a influencia da historia e da Constitución de 1978, mediante o emprego de mapas históricos e actuais.
- Analizar a organización territorial española e describir os desequilibrios e os contrastes territoriais, así como os mecanismos correctores.
- Distinguir as paisaxes agrarias, a súa morfoloxía e as súas estruturas, establecendo as súas características, así como analizar adecuadamente unha paisaxe rural distinguindo o terreo de labor, os bosques e o hábitat.
- Explicar o sector agrario español tendo en conta as súas estruturas da propiedade, as características das súas explotacións e o contexto europeo e as políticas da Unión Europea.
- Analizar a actividade pesqueira, e definir as súas características e os seus problemas.
- Analizar o proceso de industrialización español, relacionar as fontes de enerxía e a industrialización .
- Identificar e comentar os elementos dunha paisaxe industrial dada.
- Describir os eixes de desenvolvemento industrial sobre un mapa, establecendo as súas características e as posibilidades de rexeneración e cambio no futuro.
- Analizar a terciarización da economía española establecendo as súas características e a influencia no produto interior bruto, e utilizar correctamente a terminoloxía do sector servizos: transporte, comercio e turismo.
- Identificar o proceso de urbanización e enumerar as súas características e as planificacións internas.
- Definir a situación xeográfica de España no mundo e na Unión Europea, establecendo a súa posición e localizando os seus territorios e enumerando as políticas rexionais e de cohesión territorial que se practican en Europa e que afectan a España.
- Definir a globalización e explicar os seus trazos.

- En xeral, obter, seleccionar e analizar información de todo tipo de contidos xeográficos, utilizando fontes en que estean dispoñibles, en internet, nos medios de comunicación social ou na bibliografía.